

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PORTOMARÍN PARA A REALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN MUSICAL “TRIBUTU ÁS ESTRELAS”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Portomarín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a concesión directa dunha subvención ao concello de Portomarín para a realización da programación musical “Tributo ás estrelas”, no mes de agosto de 2018 no concello de Portomarín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago, e no exercicio das súas funcións, a esta entidade correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Os concellos de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo.

Terceiro.- O Camiño Francés foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de interese cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección así como unha atención aos peregrinos continuada sobre todo na época estival. Así mesmo, o Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021, establece como liña estratéxica 5, a actuación prioritaria 5.3. “Creación de produtos específicos de carácter cultural e turístico”, así como indica como obxecto do plan de actuación 7.4, Dinamizar o Camiño de Santiago a través do desenvolvemento turístico e cultural.

Cuarto.- Como parte da atención ás miles de persoas peregrinas que durante os meses de verán percorren o Camiño Francés, o concello de Portomarín prepara unha programación musical baixo o título de “Tributo ás estrelas”, que se desenvolverá no mes de agosto, e na que están previstas actuacións nos sábados do citado mes das seguintes bandas: Black Ice (tributo a AC/DC), La Penúltima (tributo a Joaquín Sabina), The Funkles (tributo a The Beatles), e La Potelera (tributo ao mellor do pop español dos 70, 80 e 90).

Quinto.- Estas actuacións enmárcanse na oferta cultural, musical... coa que se pretende dar a coñecer o Camiño de Santiago, e facer máis atractivo o mesmo, de xeito que supoña un atractivo máis para a súa realización, conseguindo unha maior afluencia turística, así como a súa repercusión, e por ende da nosa Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Portomarín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo



3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

